

Varia

Dous capítulos das miñas memorias

Xesús ALONSO MONTERO

Universidade de Santiago de Compostela

1

Das miñas conversas co señor Antonio “o Petouto” contadas cos recursos dialécticos e sociolingüísticos do Ribeiro de Miño daquel tempo (1938-1941)¹

1. NOTICIA PARA A MIÑA BIOGRAFÍA FILOLÓXICA

En Ventosela, da parroquia de San Paio, e na Grova, da parroquia de Sanín, están as miñas raíces idiomáticas, o meu primeiro “humus” de galegofalante, e tamén parte da concepción sociolóxica do mundo transmitida por aquelas palabras e aqueles ditos. Eu, nado e criado en Vigo, fun, na miña primeira infancia, falante habitual de castelán, pero, desde o 1 de xaneiro de 1938, con nove anos recién cumpridos, ó instalarme con meus pais e meus irmáns en Ventosela, axiña me acomodei, na vida familiar e na social da aldea, ó galego, idioma ó que non era alleo, como suxeito pasivo, na taberna de meus pais, frecuentada por siareiros que se realizaban neste idioma.

En Ventosela, berce da miña nai, Angelina, vivimos os primeiros meses na casa da avoa materna, e, logo, nunha casa —con horta— que nos alugou a señora Rosalía. Meus pais posuían na Grova, ó pé da estrada xeral, unha viña moi extensa, que producía máis de cen moios, na que fixeron unha casa que estreamos en 1940. A cantería foi obra do señor Antonio Villar García, de alcume, que a el non lle molestaba, “o Petouto”. Ó señor Antonio (1904-1977), un curioso comunista das silveiras, homenaxeino nun libriño meu de 1974: *Pedro Petouto. Traballos e cavilación dun mestre subversivo*.

Co señor Petouto falei, de rapaz, moitas veces mentres picaba na pedra ou nos intres nos que

xantaba ou merendaba cos canteiros que aprenderon o oficio á súa beira. Entre estes “arginas” destacaba un sobriño seu, Emilio Villar Villar, mozo ben parecido e atorado, sempre moi atento ás palabras do seu tío, falase do oficio ou de cousas que tiñan que ver coa riqueza e a pobreza das xentes do Ribeiro e de fóra.

Xa teño escrito que, en certas ocasións, me impresionou un dito que o señor Petouto prodigaba: “Mira, rapaz, eu non sei se no mundo, o día de mañán, terá que haber ricos, pero non haberá pobres”. Por estes e outros ditos, o señor Petouto, que nunca lera a Marx nin a Engels, pasaba por comunista. Cóntame que este palabra, daquela moi perigoso, confortaba o seu corazón. Foi nas súas conversas onde perfeccionei o meu galego, ben pobre, loxicamente, antes do 1 de xaneiro de 1938. Perfeccionei, sobre todo, unha parcela léxica e fraseolóxica: a que ten que ver coa estamentación da sociedade tal como el entendía o significado do diñeiro, as “clases sociais” e certas dimensións económicas na vida das xentes.

2. UNHA CONVERSA MEMORABLE CO CANTEIRO, COMUNISTA VENTUREIRO

Un día do mes da sega de 1940 en que ía moita calor (“caían las aves del cielo”), o señor Petouto acordou, cos outros pedreiros, non traballar ata a tardiña, cando houbese só “dous homes e medio de sol”, precisou. Nunca tanto parolei con el e nunca tanto lle tirei da lingua. Eu, aínda que rapazo de case doce anos, era algo malicioso e ben sabía que o señor Petouto, algo brutote nas formas, era propenso a botar a lingua a pacer e, ás veces, baleirábase pola lingua. Eu non ignoraba que, cando alguén se burlaba da súa condición de desafecto ó Réxime, de cidadán revirado contra o

¹ Escrito máis de setenta anos despois para “pagar” con palabras o xantar que me ofreceron, nun dos escenarios daquelas experiencias idiomáticas, un grupo de amigos e ex alumnos co gallo dos meus 83 anos (As Chavolas, 10-12-2011).

Goberno, tiña unha lingua que furaba as paredes e sempre, sempre, respondía con estas palabras, para el unha definición e a máxima descualificación: “¡Cala ti, falangista do carallo, me cajo en dios!”.

Eu, cos meus poucos anos, sospeitaba que o señor Petouto era un destemido e mesmo cheguei a pensar que tiña bula ou algo así. Circulaba na contorna o ruxerruxe de que, denunciado polo P. Méndez, un frade franciscano custodiado da decencia lingüística, durmiu máis dunha vez no “cuartelillo” da garda civil. Está claro que nos meus parrafeos co señor Petouto, gloriosos para min, eu non lle dicía nada que o proese e sempre, sempre, lle chamaba señor Antonio, aínda que nunca se alporizou cos que lle dicían Petouto. Eu admirábo e el sabíao, como tamén sabía que a min me confortaba que el me quixese ben e que me considerase, dalgún xeito, aprendiz das súas prédicas políticas. A min engaiolábame cando se emocionaba coas súas ideas máis queridas (“as da xusticia pra todos, falangistas do carallo, me cajo en dios”). Neses momentos bulía ó falar e parecía ter a lingua montada en bólas. Os oíntes case abraían.

—Señor Antonio, sentín que usté fala casi tan ben como a Pasionaria, señora que eu nunca vin nin oín.

—Non fagas caso, rapaz. ¡Xa quixera eu falar como esa santa dos pobres! Lostrega cando predica. Algún día oírala falar e darasme a razón: oírala falar pestes dos ricos.

—¿Dos ricos? ¿E logo non teñen dereito á vida?

—Á vida, si, a asoballarnos, non, e tampouco a comeren o que non é deles.

—¿Comen sardiñas e xurelos os ricos, señor Antonio?

—Os xurelos e as sardiñas son, cando hai, prós pobres. Os ricos comen polo a diario e bistés e costilletas cando queren. Os pobres proban o polo de Pascuas en Ramos, cando hai fume na igrexa.

—¿Logo...?

—No mundo, meu neno, hai, pra que o entendas ben, tres sucacos: o máis baixo, onde están os que non comen ou comen bica enxebre e caldo de unto, e non teñen nin unha xícara de leite; hai logo o sucaco do medio, onde están, xa algo bandedeiros, os que comen pantrigo tódolos días, carne de xuvenca os domingos e días santos e peixes caros algúns días soltos; e alá enriba, o sucaco no que unhos poucos, arrotando case sempre, almorzan filloas con mel, beben un vasiño de tostado á hora da parva, xantan finuras

con caviar, merendan lambetadas moi caras e cean máis caviar. Por certo, o mellor caviar vén de Rusia onde, desde 1917, están a desentullar estes sucacos.

—Señor Antonio, se me dá licencia, quero preguntarlle en qué sucaco estou eu, os da miña casa, porque eu almorzo, ás veces, bica enxebre, pero outras, bica cun chisco de compango, con algo de xamón, de xamón –ben o sei– con máis lardo que freba.

—Algo de razón tes. Os da túa casa andades a carranchaperna entre o primeiro e o segundo, pero, vivindo das cepas, non vos fartades de viño e tendes que beber, boa parte do ano, xoana, que é o champán dos pobres; e o arroz con leite sólo o cheirades na festa do patrón. Tendes estreituradas, rapaz, tantas que o día que comedes ben dicides “comín como nunha voda” e cando tu padre, cada dez ou doce anos, estrea un traxe, chamádeslle “o traxe de comer ben”.

—Pero nós cebamos e matamos un porco, señor Antonio.

—Ben o sei, pero, dos chourizos, o ano que hai sorte, comedes o Xan no Antroido, pero o Pedro, que é o rei do canizo, sempre o papa un señorito da vila.

Ben pensado, se cadra tes razón e a miña doutrina dos tres sucacos hai que agrandala. Non sei agora se en Rusia, no Dazasete, había tres sucacos ou máis.

—Na casa, señor Antonio, fame, o que se di fame, nunca se pasou.

—Tampouco hai moita fartura. É certo, larota, o que se di larota, non pasades. Os que langrean coa fame son, moitas veces, os do primeiro sucaco. Eu, que conozo moitas terras de Galicia, aprendín que, nalgúns lugares, xa que non hai millo ou centeo, combaten a lanceira, a larica, a lambrina, con ditos pintorescos moi expresivos: en Castroverde din que “teñen o verme no estómago”, na Fonsagrada que “anda o rato no caixón”, en Pedrafita que “anda o lagarto na barriga”.

—Non debería haber fame entre ningunha xente, ¿non lle parece, señor Antonio?

—Non e non, e a culpa téñena os falangistas do carallo, ¡me cajo en dios! Fíxate naquel home vello que vai pola congosta, cos chancos desagolletados, coa roupa escalazada e cun fol ó lombo. Pide unhas cadelas a xentes que pouco teñen pra si. Chámao para que, aquí, connosco, coma un anaquiño de broa enxebre e lle dea un bico á cabaza.

—¡Señor!, ¡Señor!, berrei.

—Non lle chames así que mesmo lle pode parecer mal. Se fose ben traxeadado e aparentase alcurnia, estaría ben. Ser, é un hermano. Ás veces, rapaz, non parece, no falar, do país. Nótase que astra hai pouco criáchete na ciudá, en Vigo. Chámalle “tío home”.

—¡Tío home!, ¡tío home!

O hermano, sentíndose interpelado correctamente, virou as costas e encamiñouse cara a nós, e foi o señor Antonio quen lle ofreceu media hora de hospitalidade e de parola.

—¿Cómo é que ós seus anos ten que andar de porta en porta?

—Os fadairos da guerra, meu señor.

—¿Da guerra?

—Si, señor, da guerra. Cando empezou o Movimiento, que así chaman, os meus dous fillos, dous mozos moi bos fillos e moi traballadores, desaparecieron, con outros catro da “sociedá” de labradores, como se os tragase a terra.

—¡Foron os falangistas do carallo, me cajo en dios!

—Non señor. Fóronlle homes de saia.

—¿Homes de saia?

—Na miña parroquia apónselle a dous curas moi dados a mentir e denunciar.

—Son ruís como a jrama. Hainos aquí iguaíños. Pero usted, que o vemos tan canso, ¿de onde vén sendo?

—Sonlle da Montaña, do país do Irixe, alá polas terras que extreman co Carballiño.

—Eu teño un amigo canteiro no Irixe, na parroquia de Froufe, que combateu na guerra coa xente de ben, cos republicanos. Chámase Manuel Bravo Silveses. ¿Non si que o cura da parroquia o excomulgou? Eu non sei ben que é eso, pero vindo dos corvos, dos da saia longa, ten que ser malo pró meu amigo.

Aquí o hermano, quizais por medo ás cousas da política, non respondeu, aínda que agradeceu, esbagoando, o respecto e a merenda. Eu aproveitei para insistir no tema da Igrexa, unha das especialidades do noso canteiro, que recitaba cando tiña unha gotiña de máis, os versos máis bravos de Curros Enríquez, que aprendera dun barbeiro que estivera en Cuba.

—Señor Antonio, ¿en qué sucualco coloca ós curas e ós frades?

—Nun sucualco especial, o dos nujalláns e bandulleiros: non traballan e comen a fartar do mellor. Ajora, cos responsos de cinco pesos, enchen as arcas. Rosman en latín “kirieleisón” e choven os cartos no bolsón. Comen ben, dormen en boa com-

pañá e non traballan: non producen, que así o explica o Silvino do Seixo cando se pon catedrático.

Mentres o señor Antonio falaba e falaba, o tío home do Irixe bicou a cabaza tres ou catro veces, e comeu, ademais dos relevos do noso xantar, as sobras. ¡Tal era a fame, a larota daquel home tan infortunado!

O señor Antonio o Petouto véndoo devorar daquel xeito bufaba unha e outra vez:

—¡Falangistas do carallo, me cajo en dios!

2

Sancho Panza no Instituto de Lugo (Das miñas memorias cervantinas)

Dedico este traballiño literario (literario e memorialístico) a Xosé María Felpeto nas datas da súa xubilación oficial no ensino, onde foi un extraordinario profesional. Chema –como lle chamamos con respecto e agarimo os amigos, que somos moitos– foi alumno meu de Literatura española no Instituto Masculino de Lugo (hoxe “Lucus Augusti”) hai máis de corenta anos. Non facía falta ser profeta, daquela, para supoñer que aquel rapaz, aquel alumno, estaba a ser chamado un gran profesional en calquera oficio que esixise, ademais de saber intelectual, honradez e bondade na relación coa xente, sobre todo coa xente nova. Por estas características –notorias daquela– don Xosé María Felpeto Enríquez foi un profesor exemplar.

Cónstame que outros colegas, máis próximos a el ca min no exercicio da súa profesión, farán semblanzas moito máis precisas e minuciosas do “magister” que foi durante décadas. Eu limitome, nesta ocasión, a ofrecerlle este artigo cervantino, revelador –penso– dalgunhas das preocupacións que transmitía nas miñas clases e nas que o texto –ás veces, o pretexto– eran as páxinas de Cervantes, do gran Cervantes. Nesas clases, alumnos como Xosé María Felpeto gratificaban ó profesor e obrigábano a ser, cada día, un pouco mellor. ¡Con que emoción lembro aquelas horas luguésas na compañía de Chema e os seus colegas!

I

Eu lin o *Quixote*, de neno, á luz do candil, en 1942, e desde aquela primeira lectura, na aldea, a

gran novela de Cervantes foi unha circunstancia sempre presente na miña vida. O meu primeiro premio literario, no Instituto “Santa Irene” de Vigo, recibino en 1947, IV centenario do nacemento do escritor, por un “ensaio” cervantino no que resumía ou glosaba algunhas páxinas dun celebrado libro de don Miguel de Unamuno, *Vida de don Quijote y Sancho* (1905).

Lendo ese libro namoreime, aínda máis, de Dulcinea del Toboso, e aprendín para sempre que, ó longo da gran novela de Cervantes, sobre todo na segunda parte, don Quixote, sen abdicar de seu prodixioso idealismo, foise sanchificando un pouco, e Sancho Panza, sen perder a súa perspectiva miúda, realista e pragmática, foise quixotizando pouco a pouco. Está aquí un dos grandes acertos estilísticos e humanos de Cervantes, moi consciente de que unha relación (na aventura e nos intereses) como a de Sancho e don Quixote inflúe reciprocamente na construción dos seus caracteres, das súas personalidades.

No curso 1959-1960 estreeime como cate-drático de “Lengua y Literatura españolas” no Instituto “Jorge Manrique” de Palencia, ano académico no que a materia de Literatura, en Preuniversitario, respondía a este título monográfico: “Cervantes y el *Quijote*”. A miña cervantofilia, abrollada á luz do candil en 1942 e reforzada en 1947 á sombra do centenario do escritor, agradeceu no máis íntimo a obriga profesional de consultar varias edicións anotadas do *Quijote* (tamén a monumental de Rodríguez Marín) e de ler libros e traballos sobre a vida e as obras de Cervantes que nunca consultara. Debo aclarar que os alumnos palentinos, coa súa actitude, aguilloaron o meu interese pola “asignatura” e foron responsables, en parte, de que eu, ós meus trinta anos, adquirise unha non desdeñable erudición cervantina, erudición e entusiasmo que, un curso despois, xa no Instituto Masculino de Lugo (e na Escola de Maxisterio), intentei transmitir, na medida aconsellada pola Pedagogía, ós alumnos e ás alumnas lucenses.

II

Se se me permite a expresión, eu, como profesor, fun un quixote da causa de Sancho Panza; quero dicir que, na aula (e en bastantes escritos e conferencias), sempre rompía unha lanza en favor do escudeiro de don Quixote, un campesiño que non só era rudo, tosco, simple, aproveitado,

cazurro..., que estes eran os adxectivos prodigados pola crítica preunamuniana. Sancho, non alleo, co transcurso do tempo, a algunhas virtudes do singular cabaleiro, foi, en momentos difíciles para don Quixote, o seu único apoio: Sancho chegou a querer entrañablemente a aquel neno grande, mesmo cando xa se decatara de que aquelas aventuras estaban fóra de razón e de que nunca obtería do proceder do amo ningún proveito material. Críticos houbo, de mentalidade señorita ou afidalgada, que tildaron a Sancho de codicioso e egoísta, ignorantes –eses críticos– de que aquel escudeiro manchego (el, a súa familia e os seus devanceiros todos) vivían na estreiteira e viñan da fame e dos abusos.

Pero para a crítica afidalgada é “pecado” de codicia aspirar a un pouco de pan, a unha casa non lóbrega e a un futuro non mísero para os fillos. Sabía Sancho –o codicioso Sancho, o “materialista” Sancho– que servindo a don Quixote, protagonista de derrotas, non conseguiría nin migalla de lucro, pero, xa quixotizado, entendía que a razón, o amor e a xustiza, na súa vibración profunda, movían o brazo do cabaleiro, un brazo tan ambicioso como fráxil.

Este era o Sancho Panza, labrego manchego, que eu quería transmitir nas aulas ós meus alumnos da provincia de Lugo, moitos, fillos de campesiños, como o propio Xosé María Felpeto, fillo egrexio de Xoán de Alba, nas terra labrantías de Vilalba. Debo aclarar que o Sancho que máis me interesaba é o que protagoniza os capítulos referidos á Ínsula Barataria, especialmente o 53 (da Segunda parte), aquel en que o escudeiro, farto das falcatradas e infamias que lle fan como Gobernador da Ínsula, dimite, e dimite con todas as consecuencias (a de comer ben, a de ser rico, a de casar axeitadamente á súa filla...). Sancho preferiu a dignidade, momento no que profire estas trinta e catro palabras de ouro:

desnudo nací, desnudo me hallo, ni pierdo ni gano; quiero decir, que sin blanca entré en este gobierno y sin ella salgo, bien al revés de cómo suelen salir los gobernadores de otras islas.

Estas palabras (impronunciáveis na Marbella de hoxe, e noutras mil marbellas) tiñan un significado no mapa político da España franquista, onde non se conxugaba o verbo dimitir, que era un arcaísmo.

En 1971, o texto da dimisión foi traducido, para unha actividade do Instituto, a catro idiomas: ó catalán, por Ricard Salvat; ó galego, por Ánxel Fole; ó euskera, por Juan San Martín. Eran tres

prestixiosos nomes: Juan San Martín, filólogo e Secretario da Academia da Lingua vasca; Ánxel Fole, un dos grandes narradores en idioma galego, e Ricard Salvat, autor e crítico de teatro, quen, como director teatral, introduciu a Bertold Brecht en España. As catro versións figuraban en senllos paneis, no salón de actos do Instituto, no marco dunha Exposición Didáctica de Lingüística Hispánica, organizada, especialmente, para os alumnos de C.O.U.² Nese mesmo ano, o noso nadal familiar, que sempre era laico, consistiu nun tarxetón co texto cervantino nos catro idiomas, precedido destas palabras. “A familia de... ousé-quiavos coas insólitas verbas de Sancho Panza no intre da dimisión”. Un reseñista do nadal, Antonio Vilaseca, en Radio Lugo, malia os tempos, opinou deste xeito:

Desde luego, sirve de paradigma a ciertos administradores de la cosa pública, a los que convierten con su conducta en cosa privada (24-12-1971).

Con Franco, nin os máis ineptos ou corruptos servidores públicos dimitían, semente que segue a dar froitos.

En realidade, neste “xogo” polilingüe, había máis política da que parecía. Tirios e troianos intepretaban as áureas palabras de Sancho Panza como unha actitude digna de terse en conta en calquera tempo e lugar (sen excluír a España de Franco), e, ó mesmo tempo, decatábanse de que España era unha realidade plurilingüe. En efecto, un nobre pensamento cervantino ofrecíase formulado nas catro linguas hoxe cooficiais. Na mesma Exposición didáctica figurou, en catro paneis, un breve e maxistral texto de Castelao, “Chámanlle a *Marquesiña...*” traducido, tamén, por Ricard Salvat, Ánxel Fole e Juan San Martín.

III

Que Sancho Panza estivo moi presente no Instituto próba o feito de que a primeira tradución galega de varios capítulos do *Quixote* ideouse e iniciouse nas súas aulas por alumnos do

Centro³. O volume *Sancho na Ínsua Barataria* (II, 45, 47, 49, 51 e 53) foi traducido ó galego por Miguel Lustres, Xerardo Rodríguez Roca e Camilo Valdeorras, e publicado en 1977 pola editorial Castrelos (Vigo) na súa entrañable colección “O Moucho”. Cóntame que un dos tradutores, Miguel Lustres, iniciou a tarefa no curso 1974-1975, por tanto, antes de que a Real Academia Galega publicara *Dous capítulos... de Don Quixote de la Mancha* (II, 25 e 26)⁴.

Este Sancho, o da insólita dimisión, reapareceu, bastantes anos despois, en 2002, no Instituto de Foz (Lugo), que ofreceu o insólito texto en dezaoitio idiomas. Coordinou a edición polígota e a Mostra Carmen Beltrán, profesora no Instituto de Lugo en 1971, o ano en que organizamos a citada Exposición Didáctica de Lingüística Hispánica na que ela traballou con entusiasmo.

Nestes días, consultando vellas carpetas, bato nunha delas coa tradución de dous capítulos do *Quixote* (I, 1 e II, 5), obra do alumno Emilio Pardo Sobrino, anterior á de *Sancho Panza na Ínsua Barataria*. É de 1971, estritamente contemporánea, por tanto, da Exposición Didáctica, e nela Sancho protagoniza un capítulo delicioso e maxistral, o quinto da Segunda Parte: “De la discreta y graciosa plática que pasó entre Sancho Panza y su mujer Teresa Panza, y otros sucesos dignos de felice recordación”.

Quizais se desprenda das presentes páxinas a idea de que o Instituto Masculino de Lugo, arredor de 1970, fiel ó seu cervantismo, foi unha especie de factoría literaria onde profesores e alumnos se debruzaron sobre a figura tantas veces subestimada de Sancho Panza, o Sancho Panza cantado nun famoso poema de Gabriel Celaya, moi coñecido e citado no noso Instituto:

[...]

Hoy como ayer, con alarde,
los señorito Quijano siguen viviendo del cuento,
y tú, Sancho, les toleras y hasta les sigues el sueño,
por instinto, por respeto, porque creer siempre es bueno.

[...]

Sancho con santa paciencia,
Sancho con buenas alforjas,

² Con ese título o Instituto publicou un opúsculo de 14 páxinas a modo de “catálogo” e “guía” da Mostra.

³ En realidade, a primeira tradución do *Quixote* é un texto moi breve, brevísimo, o Discurso sobre a Idade de Ouro (“O Sigalo d’Ouro”, por Antón Valcárcel, en *A Nosa Terra*, 5-1-1917).

⁴ A Coruña, Impr. Moret, 1975. A tradución, obra do académico numerario Leandro Carré Alvarellos, non foi feita “motu proprio” pola Academia senón instada polo Concello manchego de Consuegra, que arquivaba nun Muíño traducións, totais ou parciais, do *Quixote*.

que en el último momento nos da, y es un sacramento,
el pan, el vino y el queso.
[...]

Titúlase o conmovido poema de Gabriel Celaya, publicado en 1955, “A Sancho Panza”:

unha reivindicación do vilipendiado escudeiro que só podía escribir un poeta desde as premisas éticas do marxismo. Hai pouco atopeime cun ex alumno que aínda sabía de memoria o poema.

Vigo, maio, 2011